

Departamento de Cultura e
Educación



981 513 115



cultura@boqueixon.com



Concello de Boqueixón



Fundación Xosé Neira Vilas

VII CERTAME DE RELATO CURTO
'XOSÉ NEIRA VILAS'



CONCELLO DE
BOQUEIXÓN

O Departamento de Educación e Cultura de Boqueixón, en colaboración coa Fundación Neira Vilas e o CPI Antonio Orza Couto, organiza o VII Certame de Relatos “Xosé Neira Vilas”, co obxectivo de potenciar a lectura e a creatividade literaria e promover a lingua galega escrita como medio de creación e comunicación.

Quen pode participar?

Rapaces e rapazas de Boqueixón ou de centros educativos do Concello que cursen Primaria (dende 3º curso) ou Secundaria.

Que categorías se establecen?

1ª categoría: 3º e 4º de Primaria

2ª categoría: 5º e 6º Primaria

3ª categoría: Secundaria

Como teño que escribir o relato?

Tema: Libre.

Formato: Os traballos serán orixinais, inéditos e de autoría propia, escritos a ordenador. O texto será en galego e debe conter unha historia real ou ficticia, podendo incluír ilustracións. Non poderán participar traballos premiados noutros concursos e certames similares.

Extensión: mínima de 30 liñas para os de 1ª e 2ª categoría e de 50 liñas para os de 3ª categoría.



Cando, como e onde deben presentarse?

A data de presentación dos traballos rematará o día 17 de abril de 2020, podendo entregalos no concello ou no propio centro educativo.

Co fin de garantir o anonimato, cada traballo irá identificado co número que cada alumno/a ten na clase así como o curso ao que pertence (non poñer nome e apelidos), ou ben acompañado dun sobre pechado e grampado ao traballo no que figurarán os datos do autor/-a (nome e apelidos, idade, curso e teléfono).

Quen valorará os relatos?

O xurado do concurso estará composto por un representante da Fundación Neira Vilas, un representante do CPI Antonio Orza Couto e unha persoa do departamento de Educación. O seu fallo, de carácter inapelable, farase público, a través da web municipal e comunicando persoalmente a cada un dos/as galardoados/as. Se nalgunha categoría non se considerasen os traballos presentados coa suficiente calidade, o xurado poderá considerar o/os premio/-s deserto/-os. A participación neste certame supón a aceptación das presentes bases.

Que premios hai?

Por cada categoría estableceranse os seguintes premios:

1º premio: diploma + vale 125 € en material escolar+ libro editado

2º premio: diploma + vale 100 € en material escolar+ libro editado

3º premio: diploma + vale 75 € en material escolar+ libro editado

A entrega de premios terá lugar no CPI do Forte dentro da programación da semana das Letras Galegas.

O concello reservase todos os dereitos para o emprego, reprodución e difusión dos relatos participantes. Realizarase unha edición compilatoria no que se recollerán os textos galardoados en cada categoría.